

ORDENANZA FISCAL Número . 20
REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO
CON MESAS E CADEIRAS

Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da Taxa as utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais constituídos pola ocupación de terreos de uso público con mesas e sillas con finalidade lucrativa.

Artigo 3º:- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria a favor de quen se otorguen as licencias, ou quen se beneficien do aproveitamento se procedeuse sen a oportuna autorización. Se consideran beneficiarios a efectos do previsto neste artigo, os titulares dos establecementos arredor dos que se instalen as mesas e cadeiras.

Artigo 4º: - RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º: - COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por aplicación das seguintes Tarifas:

- A) Zona 1.-Por cada metro cadrado de superficie ocupada e ano: 34,98 €.
- B) Zona 2.-Por cada metro cadrado de superficie ocupada e ano: 30,61 €.

Zona 1:

Parroquia de Perillo:

- Av. Sta. Cristina
- Av. das Américas
- Rúa Victor López Seoane
- Rúa Darwin
- Rúa Xuncal
- Rúa Linneo
- Rúa Humboldt
- Rúa Mendel
- Rúa Miguel Servet
- Rúa do Peixe
- Rúa da Mazota
- Rúa Rafael Alberti
- Praza Chico Mendes



-Praza Charles Darwin

Parroquia de Liáns:

- Paseo da Pardela
- Rúa do Mar (hasta Agueira)
- Rúa Viñas de Babilonia
- Avda. Concepción Arenal (dende o cruce con Rúa Eduardo Pondal ata a confluencia con Rúa Viñas de Babilonia)
- Rúa Néveda
- Praza de Liáns
- Camiño do Repicho
- Rúa Ricardo Cubeiro
- Rúa Daniel Castelao
- Rúa Garrucha
- Praza do Castelo
- Praza do Exilio

Parroquia de Serantes:

- Paseo da Lagoa
- Rúa de Cividanes
- Rúa Celso Emilio Ferreiro

Zona 2:

- Resto do Concello.

3.- A os efectos previstos para a aplicación do apartado 2 deste artigo, terase en conta o seguinte:

- a) Se o número de metros cadrados de aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.
- b) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesinas, separadores, barbacoas e outros elementos auxiliares delimitase unha superficie maior á ocupada por mesas e sillas, tomarase aquela como base do cálculo.

Artigo 6º: - NORMAS DE XESTION

1.- As cantidades esixibles de acordo coas Tarifas esixiranse mediante liquidación ou recibo, por cada aproveitamento solicitado por primeira vez ou realizado, respectivamente.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de novos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e formular declaración conforme ó disposto na Ordenanza reguladora da utilización especial da vía pública de xeito temporal, mediante terrazas de hostelería, máquinas automáticas expendedoras e instalacións desmontables.

3.-Os servizos técnicos deste Concello estudarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións nos casos que procedan. Se existen impedimentos para a concesión da licenza, notificaranse ao interesado, co fin de que se emenden por este, concedéndose no seu caso, posteriormente as licenzas e delimitando a superficie ocupada.

4.- DERROGADO.

5.- Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se obteña a correspondente licenza e se abone a liquidación a que se refire o artigo 7º.3 a) seguinte. A eficacia da licenza quedará condicionada ao pago da liquidación, sen prexuízo da imposición das sancións e recargos que procedan.

6.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentras non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou preséntese baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de falecemento.

7.- A presentación da baixa surtirá efectos a partires do día da súa presentación. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obrigaón de continuar aboando a Taxa.

8.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

Artigo 7º: - PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, neste caso abarcará dende a data de comezo da ocupación, ata o final do ano natural.

2.- Devégase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír:

a) Tratándose de concesións de novas ocupacións, na data de outorgamento da correspondente licenza. Neste suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo da utilización ou aproveitamento.

b) Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, o primeiro día do ano natural.

Así mesmo, no caso de cese da ocupación, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza devandito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte proporcional da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producira a ocupación.

3.- O pago da Taxa realizarase:

Tratándose de concesións de novas ocupacións, mediante liquidación, na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou Entidades colaboradoras.

Tratándose de concesións de ocupacións xa autorizadas e prorrogadas, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta Taxa, por anos naturais na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou Entidades colaboradoras.

Así mesmo, e no caso de cese na utilización, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte proporcional da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producise a utilización.

DISPOSICIÓN FINAL.-DERROGADA

DILIXENCIA:

Constátase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998.

Por Pleno de data 30 de xullo do 2008, modificaronse os artigos 1º, 3º, 4º, 5º, 6º e 7º e derogouse a disposición final, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 255 de data 5 de novembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 241 de data 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 248 de data 31 de decembro do 2014.